



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Dona María García Ferro, Secretaria - Interventora do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo)

CERTIFICA:

Que en data 11/08/2022, a xunta de goberno local celebrada en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo extraído literalmente do borrador da acta da devandita sesión e que di literalmente:

“PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN O XXXII CERTAME DE EXPOSICIÓN DE GANDO VACÚN.

Visto que o vindeiro día 18.09.2022 vai ter lugar, como xa ven sendo habitual, o XXXII Certame de exposición de gando vacún en Pedrafita do Cebreiro.

Visto que os gandeiros da comarca concursarán coas súas mellores reses: vacas, toros, novillos/as nas modalidades de Rubia Galega e Asturiana de los Valles e xatos carniceiros, e obterán diversos agasallos, tanto en metálico coma en chocas, colares

Dito certame ten unha importante repercusión na economía da zona e forma parte da tradición cultural deste municipio, fomentando os produtos típicos desta comarca, a carne de calidade, e o sector turismo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes bases que rexerán ó Certame de Gando Vacún previsto para o día 18 de setembro de 2022 co seguinte contido:

“BASES DO CONCURSO

Dentro do concurso distínguense dúas categorías, o de gando de maior e o de xatos carniceiros.

GANDO DE MAIOR

Dentro desta categoría definimos dous apartados atendendo o tipo de raza do que procedan os animais: Rubia Galega e Asturiana de los Valles

RUBIA GALEGA

Poderá inscribirse nesta categoría o gando que cumpra as características da raza este ou non inscrito no libro xenealóxico da raza.

TOUROS: concursan nesta categoría os machos da raza, de 24 meses en diante. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carniceiro e reprodutor do mesmo.

NOVILLOS: concursan nesta categoría os machos de 10 a 24 meses. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carniceiro e reprodutor do mesmo.

VACAS: concursan nesta categoría as femias da raza, de 24 meses en diante. Puntuarase





Concello de Pedrafita do Cebreiro

segundo o carácter racial do animal e o potencial carnicero e reprodutor do mesmo.

NOVILLAS: concursan nesta categoría as femias da raza, de 10 a 24 meses. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carnicero e reprodutor do mesmo.

LOTE: concursan nesta categoría lotes de 3 femias, valorarase o mais igualado.

ASTURIANA DE LOS VALLES

Poderá inscribirse nesta categoría o gando que cumpra as características da raza este ou non inscrito no libro xenealóxico da raza.

TOUROS: concursan nesta categoría os machos da raza, de 24 meses en diante. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carnicero e reprodutor do mesmo.

NOVILLOS: concursan nesta categoría os machos de 10 a 24 meses. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carnicero e reprodutor do mesmo.

VACAS: concursan nesta categoría as femias da raza, de 24 meses en diante. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carnicero e reprodutor do mesmo.

NOVILLAS: concursan nesta categoría as femias da raza, de 10 a 24 meses. Puntuarase segundo o carácter racial do animal e o potencial carnicero e reprodutor do mesmo.

LOTE: concursan nesta categoría lotes de 3 femias, valorarase o mais igualado.

En calquera das categorías os xuíces poderán descalificar os animais que non cumpran os criterios da raza e se se da o caso dar por deserta a categoría.

XATOS CARNICEIROS

Dentro desta categoría entran os xatos de 6 a 10 meses de idade independente da raza e o sexo.


Puntuarase a conformación morfolóxica do animal e o carácter carnicero do mesmo.

*PREMIOS

RUBIA GALEGA

	TOUROS	VACAS	NOVILLOS	NOVILLAS
1º	150+CHOCA+COLAR	150+CHOCA+COLAR	150+CHOCA+COLAR	150+CHOCA+COLA
2º	100+CHOCA+COLAR	100+CHOCA+COLAR	100+CHOCA+COLAR	100+CHOCA+COLA
3º	60+ CHOCA+COLAR	60+ CHOCA+COLAR	60+ CHOCA+COLAR	60+ CHOCA+COLA

► ENTREGA DUN PREMIO DE **150,00€** POR TRAER O MELLOR LOTE DE RESES DE RUBIA GALEGA





Concello de Pedrafita do Cebreiro

ASTURIANA DE LOS VALLES

	TOUROS	VACAS	NOVILLOS	NOVILLAS
1º	150+CHOCA+COLAR	150+CHOCA+COLAR	150+CHOCA+COLAR	150+CHOCA+COLAR
2º	100+CHOCA+COLAR	100+CHOCA+COLAR	100+CHOCA+COLAR	100+CHOCA+COLAR
3º	60+ CHOCA+COLAR	60+ CHOCA+COLAR	60+ CHOCA+COLAR	60+ CHOCA+COLAR

► ENTREGA DUN PREMIO DE **150,00€** POR TRAER O MELLOR LOTE DE RESES ASTURIANA E OUTRO O MELLOR LOTE DE RESES DE ASTURIANA DE LOS VALLES

XATOS CARNICEIROS

1º	100+CHOCA+COLAR
2º	60+ CHOCA+COLAR
3º	40+ CHOCA+COLAR

PARELLA DE BOIS

1º	100
2º	50

► ENTREGA DUN PREMIO DE **150,00€** PARA A GANDERÍA QUE MAIOR NÚMERO DE RESES PRESENTE NO CONCURSO. (En caso de empate, prevalecerá a gandería que primeiro se inscribira en dito certame).

BASES XERAIS

- Non poderán participar no concurso gandeiros que se adiquen a compra-venta de animais.
- Todos os animais a inscribir deberan ter pasado os controis sanitarios pertinentes e a explotación da que procedan ter a folla de saneamento.
- Se en algunha das categorías do concurso se considera que os animais presentados non alcanzan a puntuación adecuada poderase dar por deserta esa categoría.
- Queda **prohibido pasear os animais para exhibilos.**
- A inscrición dos animais poderase facer dende o día 12 ata o 16 de setembro por teléfono (recomendado para os gandeiros que traían gando de vida) ou o mesmo día ata as 10:00 horas da mañá.
- DARASE UNHA AXUDA DE **20€ POR ANIMAL INSCRITO NO CONCURSO (ATA UN MÁXIMO DE 10 RESES)** PARA AXUDAR O TRANSPORTE.
- **CADA GANDERÍA SO PODERÁ OBTEN 1º, 2º OU 3º POSTO DE CADA CATEGORÍA. NON PODENDO LEVAR A MESMA GANDERÍA MAIS DUN POSTO ENTRE OS TRES PRIMEIROS DE CADA CATEGORÍA”**

SEGUNDO.- Publíquese no Taboleiro de Anuncios deste Concello e na sede electrónica





Concello de Pedrafita do Cebreiro

TERCEIRO.- Expídase por secretaría as certificacións oportunas do presente acordo.”

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente certificado coa salvedade a que se refire o artigo 206 del ROF, en Pedrafita do Cebreiro.

Asinado electronicamente á marxe.

O alcalde

A secretaria interventora

Asdo.: José Luís Raposo Magdalena

Asdo.: María García Ferro.



Cod. Validación: L43KDAGJR9FD253MNA94LRMXR | Corrección: <https://concellopedrafita.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4